



GUÍA DOCENTE DE **REPERTORIO DO SÉCULO XX-XXI (I-II)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: <i>REPERTORIO DO SÉCULO XX-XXI (I-II)</i>											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Canto		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Canto	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	I		Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.					2	2			Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Interpretación de obras escritas nos séculos XX e XXI abrangendo diferentes xéneros vocais (ópera, Lied, oratorio, etc.), tendo en conta as características vocais do/a alumno/a, desenvolvendo unha técnica e adecuándose ás características do estilo do/a autor/a e xénero delas. Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación de obras destes séculos, con acompañamento pianístico.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Para o primeiro cuadrimestre, os requiridos na proba de acceso ao grao superior.. Para o segundo cuadrimestre, os adquiridos cuadrimestre anterior. Ademais, os relativos ás disciplinas de canto e idiomas aplicados ao canto dos cuadrimestres anteriores ao que se estea a realizar.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina ten relación directa cos contidos de outras disciplinas específicas do itinerario, tales como o Canto, os Idiomas, ou Historia do Canto. Está tamén relacionada de maneira propedéutica cos contidos da disciplina de Música de cámara. A disciplina de Repertorio do século XX-XXI debe capacitar ao alumnado para unha interpretación de alto nivel no repertorio de diferentes xéneros musicais de compositores do século XX-XXI, afondando no seu estilo e características.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T5, T6, T13, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X5, X11, X17, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Discernir os diferentes estilos musicais de obras de compositores dos séculos XX e XXI	T1, T2, T4, T6, T17, X5, X11, X17, X24, EI6
Afondar en todos os aspectos técnicos e estilísticos.	T1, T2, T4, T6, T17, X5, X11, X17, X24, EI6
Desenvolver unha capacidade interpretativa que lle permita abordar o repertorio correspondente.	T1, T2, T5, T6, T13, T17, X1, X3, X5, X11, X17, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
Controlar as características da propia voz: extensión, timbre, flexibilidade, cor, e poder utilizalas en todo tipo de calidades expresivas.	T1, T2, T5, T6, T13, T17, X1, X3, X5, X11, X17, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
Desenvolver os recursos vocais que lle permitan aplicar os coñecementos de fonética e prosodia particulares de cada lingua.	T1, T2, T5, T6, T13, T17, X1, X3, X5, X11, X17, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI10

**4. CONTIDOS**

O repertorio do século XX-XXI. Diferentes estilos e obras.
Interpretación estilística diferenciada en función do estilo e autor.
Desenvolvemento da capacidade expresiva e creativa en relación coa interpretación musical.
Aplicación das particularidades lingüísticas e fonéticas das obras a interpretar.
Metodoloxía e tempo de estudo.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición maxistral (exposición teórica dos contidos a traballar durante as clases. Contextualización das obras escollidas para o seu repertorio e puntualizacións técnicas a priori das mesmas.)	Presencial	Esporádica
Exposición práctico-teórica (Exposición para introducir os aspectos teóricos e estilísticos aplicables no repertorio a estudar.)	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Práctica individual (Tempo que o alumno/a dedicará á práctica do repertorio, en clase ou na casa)	Presencial e Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a con respecto ao autor, estilo, fonética, tradución do texto ...)	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Pescuda de información, traballo persoal (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Actividades complementarias (Asistencia a exposicións, seminarios, conferencias..., relacionados coa materia).	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Titorías (atención particular aos alumnos/as)	Non presencial na clase (tempo especial de titoría)	Esporádica
Actividades de avaliación: 1. Probas prácticas coa interpretación do repertorio traballado durante o cuadrimestre, en audicións de clase e/ou públicas 2. Revisión de probas	Presencial Non presencial (tempo especial de titoría)	Medio e final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.
A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.
No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.
<i>*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.</i>